



O plan de axudas UNICO 5G_Redes Activas está financiado polo Fondo de Recuperación da Unión Europea 'NextGenerationEU' e xestionado polo Ministerio de Transformación Dixital e da Función Pública

MasOrange e R cubrirán con 5G todos os fogares galegos da Galicia rural co plan UNICO 5G e a comunidade acadará a cobertura total desta tecnoloxía en 2026

- *Esta mañá presentouse o programa UNICO 5G_Redes Activas para a comunidade galega en Abegondo (A Coruña), coa presenza do alcalde e voceiros da AMTEGA, Subdelegación do Goberno, e R-MasOrange en Galicia.*
- *R e MasOrange chegaron coa súa cobertura móbil 5G a máis do 95% dos case que 250 municipios galegos de menos de 10.000 habitantes programados no plan UNICO 5G_Redes Activas, que ficará completado en 2026.*
- *O concello de Abegondo é un dos municipios que dispón xa desta cobertura 5G, a máis avanzada, completa e estable do mercado.*
- *O 96% da poboación dispón de 5G en Galicia con MasOrange e R, e en 2026 falaremos dunha cobertura próxima ao 100% que rematará coa fenda dixital no territorio.*
- *Os habitantes das localidades menos poboadas ou afastadas disporán de altísimas velocidades e poderán traballar en remoto ou ver a tele coa máxima calidade, ao mesmo nivel do que nas cidades e grandes núcleos.*

Venres, 12 de decembro de 2025.- O concello de Abegondo recibiu esta mañá os representantes institucionais e de R e MasOrange en Galicia para presentar e detallar o plan de axudas **UNICO 5G_Redes Activas**. Financiado polo Fondo de Recuperación da Unión Europea 'NextGenerationEU' e xestionado polo Ministerio de Transformación Dixital e da Función Pública (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno), este programa prevé **traballos en Galicia en preto dun milleiro de estacións móbiles, máis de 80 delas de nova construción.**

Após a última convocatoria de axudas, a finais de 2024, MasOrange -a través da súa marca Orange- foi a principal adxudicataria en Galicia, cun total de 70 millóns de euros de investimento ata finais de 2026 (98% do orzamento asignado na comunidade), dos que 22,7M€ corresponden á Coruña, 20,5M€ a Lugo, 17,6M€ a Ourense e 9,6M€ a Pontevedra. A estas cifras hai que lle engadir, ademais, máis dun 10% de investimento xa realizado, co que a cantidade final investida achegárase aos **80M€**.

250 municipios galegos á vangarda con 5G

R e MasOrange chegaron xa coa súa cobertura móbil 5G a **máis do 95 % dos case que 250 municipios galegos** de menos de 10 000 habitantes programados no plan UNICO 5G_Redes Activas. Ademais, construíuse ou activouse **preto do 80% da infraestrutura prevista no plan** para ofrecer o servizo máis avanzado de 5G no rural de Galicia. Todos os fogares destas zonas afastadas ou de difícil acceso poderán gozar da tecnoloxía máis completa, estable e avanzada, que reduce ao máximo a latencia (resposta de conexión inmediata).

Trátase do 80% dos concellos da comunidade, nos que se concentra tan só o 20% da poboación, o que dá unha idea da súa dispersión e do que supón chegar ata o último recuncho de Galicia con esta tecnoloxía de última xeración.

Así, dispoñen xa de cobertura 5G o municipio menos poboado de Galicia, Negueira de Muñiz (Lugo), con 215 habitantes, ou o de Larouco (Ourense), con pouco máis de 430 (datos INE-2024). Tamén o concello de Abegondo, onde hoxe se presentou o programa, se inclúe nesa listaxe de poboacións rurais preparadas para competir ao mesmo nivel do que as grandes cidades con servizos de última xeración. O obxectivo, contribuír ao desenvolvemento do rural galego e situar a comunidade á vangarda en redes móbiles avanzadas.

O alcalde de Abegondo, José Antonio Santiso, salientou *“o servizo esencial”* que supón a cobertura 5G para a veciñanza do municipio. *“Unha cobertura móbil de última xeración é esencial para o desenvolvemento e innovación no rural, especialmente en puntos onde a orografía dificulta a dotación de fibra”*, afirmou. O rexedor resaltou que *“a idea de Abegondo como lugar para vivir con tranquilidade en plena Reserva da Biosfera ten que ir acompañada de servizos de calidade como o de conectividade”*.



Alfredo Ramos, director de **R** e de MasOrange en Galicia, destacou *“a importancia de compartir con administracións públicas e institucións este compromiso coa conectividade de Galicia, o que ficou referendado esta mañá en Abegondo (...) Falarmos de 5G UNICO Rural é falarmos de igualdade de oportunidades, a base para que calquera persoa en Galicia poida formarse, traballar e emprender dende o rural en condicións similares ás cidades. O noso activismo rural consiste en pór a tecnoloxía ao servizo das persoas, do campo, da industria agroalimentaria e da sostiabilidade. E en facilitar que o talento fiquen ou volte tamén a un rural en igualdade de condicións para competir, medrar e liderar”*.

O Subdelegado do Goberno na Coruña, Julio Abalde, destacou *“o compromiso do Goberno de España coas zonas rurais de Galicia, investindo en conectividade e tecnoloxía para garantir igualdade de oportunidades. Este investimento non só permite que todos os fogares teñan acceso á tecnoloxía máis avanzada; tamén contribúe ao desenvolvemento económico destas zonas e axuda a fixar poboación, evitando o despoboamento e fomentando que as persoas poidan vivir, traballar e emprender no seu municipio”*.

Pola súa banda, Julián Cerviño, Director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), destacou a importancia que a conectividade supón para unha comunidade autónoma como a galega, e expresou o seu desexo de que *“se cumpran os obxectivos de desenvolvemento do Plan UNICO 5G Rural no prazo previsto para lles garantir ás zonas rurais unhas telecomunicacións de voz e datos de calidade”*.

Tamén banda larga con 5G ata o último recuncho de Galicia

Ademais, **R** é o primeiro operador que dota clientes/as sen fibra en Galicia dunha **solución 5G converxente fixo e móbil**. Deste xeito, **296 municipios** galegos (A Coruña, 88; Lugo, 65; Ourense 83; Pontevedra, 60) xa gozan do servizo ‘Internet rural’, solución de **banda larga a través de 5G** (co “mambo *Axiña*”) para lles ofrecer alta velocidade e wifi 6 ás poboacións de aldeas e lugares onde non é posible levar a fibra óptica.

Cando se completen os traballos, 300.000 inmobles dispersos pola orografía galega gozarán de velocidades de ata 1 Gbps e poderán facer uso de múltiples dispositivos á vez, traballar en remoto ou ver a televisión coa máxima calidade, cunha experiencia moi similar á opción óptima da fibra e moi por diante das conexións por satélite.

Minorar a fenda: compromiso de R e de MasOrange co territorio

A boa marcha de ambos os dous desenvolvementos (móbil 5G SA e Internet rural para banda larga con 5G) permitirá que, en breve, a práctica totalidade das vivendas e empresas galegas contén coa **conectividade móbil e fixa máis avanzada tamén no medio rural** ou en zonas de acceso complicado. Este balance, sumado ás porcentaxes no contexto urbano de Galicia, apunta a unha **cobertura total 5G do territorio** a moi curto prazo.

A redución da fenda dixital é un dos grandes compromisos de **R** dende que comezou a súa andaina hai máis de dúas décadas. O operador galego mantivo sempre —e reforza máis aínda agora con MasOrange— a súa decidida aposta polo desenvolvemento socioeconómico e tecnolóxico de Galicia, que se concretou en máis de 2300M€ de investimento histórico acumulado polo Grupo no territorio ao longo da súa traxectoria.

De feito, **R** é en Galicia a opción preferida por fogares e negocios, e o operador con maior cobertura de banda larga da comunidade. A súa rede de fibra chega a máis de 1,7 millóns de fogares nos 313 municipios galegos, onde pode gozar da súa alta velocidade case que a totalidade da poboación.

Agora, grazas ao 5G de **R** e ao legado de pilotos pioneiros do grupo MasOrange con esta tecnoloxía avanzada, aldeas e pequenas localidades están a liderar xa a transformación tecnolóxica da comunidade galega.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal

Ver ANEXO (listaxe de municipios galegos con 5G)

ANEXO _listaxe de municipios galegos de menos de 10 000 habitantes que dispoñen de **cobertura móbil 5G de R e de MasOrange** [programa UNICO 5G_Redes Activas]

A Coruña (67 municipios):

Abegondo, Aranga, Ares, Arzúa, A Baña, Bergondo, Boimorto, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Cerdido, Coirós, Coristanco, Curtis, Dumbria, Fisterra, Frades, Irixoa, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mañón, Mazariños, Melide, Mesía, Miño, Moeche, Monfero, Mugardos, Muros, Muxía, Neda, Negreira, Oroso, Ortigueira, Outes, Oza-Cesuras, Paderne, Padrón, O Pino, A Pobra do Caramiñal, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Rois, San Sadurniño, Santa Comba, Santiso, Sobrado, As Somozas, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Valdoviño, Vedra, Vimianzo e Zas.

Lugo (60 municipios):

Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, Chantada, O Corgo, Cospeito, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Friol, Guitiriz, Gunfín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, Negreira de Muñiz, As Nogais, Orol, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Pantón, Paradelá, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra do Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Xermade e Xove.

Ourense (76 municipios):

Allariz, Amoeiro, A Arnoia, Avión, Baltar, Bande, Baños de Molgas, Beariz, Os Blancos, Boborás, A Bola, Calvos de Randín, Carballo de Avia, Carballo de Valdeorras, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Celanova, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Coles, Cortegada, Cualedro, Esgos, Gomezedo, A Gudiña, O Irixo, Larouco, Laza, Leiro, Lobeira, Lobios, Maceda, Manzaneda, Maside, Melón, A Merca, A Mezquita, Montederramo, Monterrei, Muíños, Nogueira de Ramuín, Oímbra, Paderne de Allariz, Padrenda, Parada de Sil, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Peñín, Piñor, A Pobra de Trives, Punxín, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ribadavia, Riós, Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sarreaus, A Teixeira, Toén, Trasmiras, A Veiga, Vereá, Viana do Bolo, Vilamarín, Vilamarín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilardevós, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo.

Pontevedra (36 municipios):

Agolada, Arbo, Barro, Caldas de Reis, Campo Lameiro, A Cañiza, Catoira, Cerdado-Cotobade, Covelo, Crecente, Cuntis, Dozón, Forcarei, Fornelos de Montes, A Guarda, A Illa de Arousa, A Lama, Meaño, Meis, Mondariz, Moraña, As Neves, Oia, Pazos de Borbén, Ponte Caldelas, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Rodeiro, O Rosal, Salceda de Caselas, Silleda, Soutomaior, Valga, Vila de Cruces e Vilaboa.



**Financiado por
la Unión Europea**
NextGenerationEU



**Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia**



fegamp